

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 27 de XUÑO de 2008**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres día 27 de xuño de 2008, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 6/08, do 30 de maio.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.901 á nº 9.300.

3.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data das sesións ordinarias de xullo e agosto de 2008.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

4.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Aranga.

5.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Arteixo.

6.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Cee.

7.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Coirós.

8.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Lousame

9.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Ordes.

10.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Vedra.

11.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Vilarmaior.

12.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Boqueixón

13.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Carral.

14.-Modificación da base 48ª das de execución do Orzamento provincial 2008 relativa ás subvencións nominativas.

15.-Conta da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos do exercicio 2007.

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

16.-Toma de coñecemento do informe emitido o 29 de maio de 2008 polo equipo desta Deputación encargado de realizar o “Plan de control interno dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

17.-Aprobación do proxecto reformado nº 2 da obra “EDAR na Veiga” do Concello de Cabanas, incluída no Programa operativo local (POL) 2006. Código 06.2300.0209.0.

18.-Aprobación do proxecto reformado da obra “EP 2904 Coristanco-Santa Comba ensanche e pavimentación” do Concello de Coristanco, incluída na Rede viaria local (RVL) 2007. Código 07.2400.0501.0.

19.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Af. cm. Arnados-Razo da Costa” do Concello de Carballo, incluída no Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2007. Código 07.2100.0073.0.

20.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pav. de Praza da Constitución de Corme” do Concello de Ponteceso, incluída no Plan de cooperación ás obras e Servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2007. Código 07.2100.0294.0.

21.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Substitución de tubos de auga, pavimentación beirarrúas avenida de Lugo” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2007. Código 07.2100.0303.0.

22.-Aprobación do proxecto reformado da obra “San. abast. auga cm. Soutilo-Veigue” do Concello de Sada, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007. Código 07.3100.0221.0.

### **Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

23.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2008 1ª fase 5ª relación, integrado polos seguintes proxectos:

-Mellora da seguridade viaria na E.P. 1502 Porto a Laraxe, P.K. 0,0 ao 1,1 Cabanas (0811300010.0).

- Mellora da seguridade viaria na E.P. 0701 Santiago a Santa Comba P.K. 20,57 ao 21,95 Val do Dubra (0811300011.0).
- Mellora da seguridade viaria da E.P. 0102 de Lema a Orto P.K. 0+000 ao P.K. 2+600. Cambre (0811300013.0).
- Mellora da seguridade viaria da E.P. 1704 de Cambre a Carral P.K. 5+920 ao P.K. 9+840. Carral (0811300014.0).

E solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de:

- Mellora da seguridade viaria na E.P. 1502 Porto a Laraxe, P.K. 0,00 ao 1,1. Cabanas (0811300010.0)
- Mellora da seguridade viaria na E.P. 0701 Santiago a Santa Comba P.K. 20,57 ao 21,95. Val do Dubra (0811300011.0).

[24.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2008, 2ª relación, integrado polo proxecto de: Mellora da seguridade viaria na E.P. 5404 de Xubia a Praia da Frouxeira, plataforma peonil, PK 0 530 ao 1 280 \(Narón\).](#)

[25.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2008 3ª fase, integrado polo proxecto de: Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 7806 Rampla ao Avio \(Santiago de Compostela\).](#)

[26.-Aprobación do Proxecto reformado de travesía e seguridade viaria na E.P. 0513 Paosaco Caión \(tramo da Torre\) \(A Laracha\), A Laracha \(0611300002.1\).](#)

[27.-Aprobación técnica do proxecto que integrará a 15ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008: proxecto modificado de ampliación e mellora de trazado da E.P. 0205 Bertamiráns á Ramallosa \(PK 7,850 ao PK 11,200\)](#)

E solicitude á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de: Proxecto modificado de ampliación e mellora de trazado da E.P. 0205 Bertamiráns á Ramallosa (PK 7,850 ao PK 11,200).

[28.-Aprobación provisional do proxecto: Mellora da seguridade viaria da E.P. 7304 de Xaras a Olveira P.K. 1,64 a P.K. 3,99. Ribeira \(0811300006.0\), incluído no Plan de travesías 2008, 1ª fase, 2ª relación.](#)

### **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

[29.-Aprobación da 2ª fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007.](#)

[30.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acceso ao Mosteiro de San Xusto de](#)

Toxosoutos” do Concello de Lousame, incluída no Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006. Código 06.3230.0054.0.

31.-Dar conta da Resolución de 13 de xuño da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se resolven as solicitudes de subvención formuladas ao abeiro da convocatoria 2007 para a concesión de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013.

32.-Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de cualificación do edificio e parcela nº 1 do Polígono de Sabón.

### **Promoción Económica, Emprego e Turismo**

33.-Proposta de modificación do acordo de “Formalización dun convenio para promover o financiamento das obras de rehabilitación do recinto feiral de Ferrol.”

### **Persoal e Réxime Interior**

34.-Alegacións formuladas contra a modificación do Cadro de persoal e da Relación de postos de traballo 2008.

35.-Corrección de erros da Relación de postos de traballo 2008.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN  
PLENO DO 27 DE XUÑO DE 2008**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de xuño de 2008, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DONA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DONA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE

DON BERNARDINO HIGINIO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

**Non asiste o Sr. Veloso Rodríguez.**

**Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.**

**Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario xeral procede a ler os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:**

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 6/08, DO 30 DE MAIO.**

Apróbbase a acta da sesión anterior, nº 6/08, do 30 de maio.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 6.901 Á Nº 9.300.**

A Corporación toma coñecementos das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6l.901 á nº 9300.

### **3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DE XULLO E AGOSTO DE 2008.**

Ratifícase a inclusión e por unanimidade, apróbbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento

de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria prevista para a celebración do Pleno de xullo de 2008 coincide cun día festivo e que a do mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ó Pleno na data prefixada.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 29 de xullo de 2007,

PROPÓN Ó PLENO, despois da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ó sétimo mes de 2008 celebrarase o día 31 de xullo, xoves, a partir das doce horas e a sesión ordinaria correspondente ó oitavo mes, o día 12 de setembro de 2008, venres, tamén a partir das doce horas.”

#### **4.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARANGA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Aranga. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 26 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **5.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARTEIXO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:



“Aceptar a prolongación durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2012, das delegacións de competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Arteixo. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **6.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CEE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Cee. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **7.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE COIRÓS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Coirós. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 26 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial

da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **8.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE LOUSAME.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Lousame. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 18 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **9.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ORDES.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación das facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos de competencia municipal para o período 01/01/2012 a 31/12/2022 acordada polo Concello de Ordes.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo”.

#### **10.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VEDRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012

acordada polo Concello de Vedra. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 21 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **11.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VILARMAIOR.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Vilarmajor. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **12.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Boqueixón. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 12 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **13.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CARRAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga do convenio de delegación da xestión tributaria e recadatoria ata o 1 de xaneiro de 2022 acordada polo Concello de Carral.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **14.-MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL 2008 RELATIVA ÁS SUBVENCIONS NOMINATIVAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar a documentación que se presenta, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificación da base 48ª de execución do orzamento provincial.

1º-1 Modificar as subvencións nominativas recollidas na base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2008 que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

<b>PARTIDA</b>	<b>BENEFICIARIO</b>	<b>OBXECTO</b>	<b>IMPORTE DA SUBVENCIÓN</b>	<b>PRESUPUESTO O SUBVENCIÓN ADO</b>	<b>% COEF. FINANº</b>
0305/751A/4 89.01	Asociación cultural Medulio	Descuberta patrimonial rotas turísticas comarca Ferrol-Eume-Ortegal	60.000,00*	71.804,00	83,56
0305/751A/4 89.01	Asociación Hostelería Club gastronómico Rías Altas	Vídeos promocionais da provincia da Coruña	40.000,00*	66.120,00	60,49

- **Incrementátese o importe en 30.000,00 euros.**
- **Modifícase o obxecto da subvención nominativa.**

1º-2 Deixar sen efecto por renuncia da entidade beneficiaria a subvención nominativa recollida na base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2008 que se enumera a continuación:

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
0701/313M/789.01	AFACO	2ª Fase construción Centro Terapéutico	500.000,00

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

#### **15.-CONTA DA XESTIÓN RECADATORIA DOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS DO EXERCICIO 2007.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar provisionalmente os estados demostrativos da xestión recadatoria de recursos dos concellos e outras entidades de dereito público que teñen delegada a xestión recadatoria nesta Deputación provincial, correspondentes ao exercicio 2007, que se resume no anexo.

Dar traslado dos devanditos estados ás respectivas entidades públicas titulares dos recursos para que, no prazo de quince días hábiles desde a súa recepción, formulen as alegacións que estimen oportunas. De non formularse alegacións por algunha destas entidades entenderanse definitivamente aprobados os correspondentes estados demostrativos. “

#### **16.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME EMITIDO O 29 DE MAIO DE 2008 POLO EQUIPO DESTA DEPUTACIÓN ENCARGADO DE REALIZAR O “PLAN DE CONTROL INTERNO DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDOS NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2002-2006”, SOBRE A REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓN DISPOSTAS NO ARTIGO 4 DO REGULAMENTO CE 438/2001 DA COMISIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o informe emitido o 29 de maio de 2008 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

1.- Tomar coñecemento do contido do citado informe emitido o 29 de maio de 2008, que afecta aos pagos realizados dende o 1 de xaneiro de 2008 até o 31 de marzo de 2008.

Neste informe indicase que se fixeron as verificacións precisas segundo as listas de comprobación facilitadas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, que inclúen en todo caso as seguintes comprobacións:

- 1.- Que os gastos son elixibles e fixéronse dentro do período de elixibilidade.
  - 2.- Que están relacionados efectiva e directamente co proxecto aprobado.
  - 3.- Que as condicións do POL respectáronse do xeito adecuado.
  - 4.- Que os produtos ou servizos cofinanciados se subministraron.
  - 5.- Que as normas relativas ás axudas estatais, á protección do medio ambiente e á igualdade de oportunidades respectáronse.
  - 6.- Que a normativa nacional e comunitaria en materia de mercados públicos (contratación) respectáronse.
- 2.- Remitir o presente acordo ao Ministerio de Administracións Públicas para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do Programa operativo local.”

**17.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA “EDAR NA VEIGA” DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2006. CÓDIGO 06.2300.0209.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado nº 2 da obra “Edar na Veiga” do Concello de Cabanas incluída no Programa Operativo Local (POL) 2006, código 06.2300.0209.0, que presentou a directora das obras e que representa un incremento no seu presuposto de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 125.173,66 € o proxecto reformado nº 2 da obra “Edar na Veiga” do Concello de Cabanas incluída no Programa operativo local (POL) 2006, código 06.2300.0209.0, cuxa 1ª fase se aprobou mediante acordo plenario adoptado o 23 de febreiro de 2006

2º.- Aprobar así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que financia integramente a deputación, quedando os datos de financiamento total da obra como se indican.

<b>“Edar na Veiga” do Concello de Cabanas</b>				
	<b>Presuposto proxecto inicial prezos de contrata</b>	<b>Incremento primeiro proxecto reformado a prezos de contrata</b>	<b>Incremento segundo proxecto reformado a prezos de contrata</b>	<b>T O T A L</b>
	<b>06.2300.0209.0</b>	<b>06.2300.0209.1</b>	<b>06.2300.0209.11</b>	
Deputación f.p.	15.744,44	686,32	19.678,14	<b>36.108,9</b>
Deputación outros	5.240,46	0,00	0,00	<b>5.240,46</b>
Estado	34.859,54	0,00	0,00	<b>34.859,54</b>
FEDER	48.964,76	0,00	0,00	<b>48.964,76</b>
<b>TOTAL</b>	<b>104.809,20</b>	<b>686,32</b>	<b>19.678,14</b>	<b>125.173,66</b>

3º.- A aprobación deste proxecto reformado queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008 aprobado polo Pleno da deputación na sesión realizada o 30 de maio de 2008

4º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

7º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

**18.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “EP 2904 CORISTANCO-SANTA COMBA ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN” DO CONCELLO DE CORISTANCO, INCLUÍDA NA REDE VIARIA LOCAL (RVL) 2007. CÓDIGO 07.2400.0501.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “EP 2904 Coristanco - Santa Comba, ensanche e pavimentación ” do Concello de Coristanco, incluída na Rede viaria local (RVL) 2007. Código: 07.2400.0501.0, presentado polo director das obras, e que representa un incremento no seu presuposto de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 518.461,55 € o proxecto reformado da obra “EP 2904 Coristanco - Santa Comba, ensanche e pavimentación ” do Concello de Coristanco, incluída na Rede viaria local (RVL) 2007. Código: 07.2400.0501.0, aprobada mediante acordo plenario do 22 de febreiro de 2007.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que representa a cantidade de 69.245,53 € a prezos de contrata, sendo o incremento de 45.778,22 € a prezos de adjudicación. O incremento finánciao integramente a deputación (código:07.2400.0501.1), con cargo á partida 0501/511E/60101 do presuposto provincial vixente que corresponde á Rede viaria local, e na que existe saldo suficiente para financiar o incremento experimentado polo proxecto reformado.

Así os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

<b>EP 2904 Coristanco - Santa Comba, ensanche e pavimentación</b>			
	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto reformado</b>	<b>Diferenza</b>
	<b>07.2400.0501.0</b>		<b>07.2400.0501.1</b>
Deputación f. propios	369.985,90	439.231,43	69.245,53
Estado	79.230,12	79.230,12	0
TOTAL	449.216,02	518.461,55	69.245,53

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

**19.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AF. CM. ARNADOS-RAZO DA COSTA” DO CONCELLO DE CARBALLO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA**



**MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL (POS) 2007. CÓDIGO 07.2100.0073.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Af. cm. Arnados - Razo da Costa” (código:07.2100.0073.0) do Concello de Carballo, incluída no POS 2007, cun orzamento de contrata de 93.506,02 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio do obxecto nin da finalidade da obra, si implica variacións internas no proxecto que superan o 30% do presuposto total da obra.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F. Propios</b>	<b>Deputación Préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello.</b>	<b>Orzamento Total</b>
07.2100.0073.0	Carballo	Af. cm. Arnados - Razo da Costa	35.598,25	34.770,38	12.417,99	10.719,40	93.506,02

**20.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAV. DE PRAZA DA CONSTITUCIÓN DE CORME” DO CONCELLO DE PONTECESO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL (POS) 2007. CÓDIGO 07.2100.0294.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Pav. de Praza da Constitución de Corme” do Concello de Ponteceso, incluída no POS 2007, co código: 07.2100.0294.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da Deputación e do Estado.”

<b>07.2100.0294.0</b>		<b>Pav. Praza Constitución Corme (Concello de Ponteceso)</b>		
	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto reformado</b>	<b>Diferenza</b>	
Deputación f.p.	14.765,27	14.765,27	0	
Deputación préstamo	14.421,89	14.421,89	0	
Estado	5.150,68	5.150,68	0	
Concello	1.810,85	18.978,37	17.167,52	
TOTAL	<b>36.148,69</b>	<b>53.316,21</b>	<b>17.167,52</b>	

**21.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DE TUBOS DE AUGA, PAVIMENTACIÓN BEIRARRÚAS AVENIDA DE LUGO” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL (POS) 2007. CÓDIGO 07.2100.0303.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Subst. tubos auga pav. beir. Avda Lugo” (código:07.2100.0303.0) do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no POS 2007, cun orzamento de contrata de 79.097,27 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio do obxecto nin da finalidade da obra, si implica variacións internas no proxecto que superan o 30% do presuposto total da obra.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento total</u>
07.2100.0303.0	As Pontes	Subst. tubos auga pav. beir. Avda Lugo	32.311,24	31.559,81	11.271,36	3.954,86	79.097,27

**22.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SAN. ABAST. AUGA CM. SOUTILO-VEIGUE” DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO 07.3100.0221.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “San. abast. auga cm. Soutilo-Veigue” do Concello de Sada, incluída no Plan de Cooperación Provincial 2007, (código: 07.3100.0221.0), que non representa variación no seu orzamento pero si unha alteración do contido do proxecto ao modificarse o trazado da canalización subterránea e excluír o pozo de bombeo.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f.p.</u>	<u>TOTAL</u>
07.3100.0221.0	Sada	San.abast. auga cm. Soutilo-Veigue	74.054,32	74.054,32

**23.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 5ª RELACIÓN, INTEGRADO POLOS SEGUINTE PROXECTOS:**

-Mellora da seguridade viaria na E.P. 1502 Porto a Laraxe, P.K. 0,0 ao 1,1 Cabanas (0811300010.0).

-Mellora da seguridade viaria na E.P. 0701 Santiago a Santa Comba P.K. 20,57 ao 21,95 Val do Dubra (0811300011.0).

-Mellora da seguridade viaria da E.P. 0102 de Lema a Orto P.K. 0+000 ao P.K. 2+600. Cambre (0811300013.0).

-Mellora da seguridade viaria da E.P. 1704 de Cambre a Carral P.K. 5+920 ao P.K. 9+840. Carral (0811300014.0).

E solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de:

-Mellora da seguridade viaria na E.P. 1502 Porto a Laraxe, P.K. 0,00 ao 1,1. Cabanas (0811300010.0)

**-Mellora da seguridade viaria na E.P. 0701 Santiago a Santa Comba P.K. 20,57 ao 21,95. Val do Dubra (0811300011.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 5ª RELACIÓN, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 2.916.041,91 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511F/60102

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA EN E.P. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 A 1,1. CABANAS. (0811300010.0)	881.014,65
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0701 SANTIAGO A SANTA COMBA P.K. 20,57 A 21,95. VAL DO DUBRA". (0811300011.0)	987.838,74
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 0102 DE LEMA A ORTO P.K. 0+000 A P.K. 2+600. CAMBRE". (0811300013.0)	363.157,00
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 1704 DE CAMBRE A CARRAL P.K. 5+920 A P.K. 9+840. CARRAL", (0811300014.0)	576.874,28
TOTAL	2.808.884,67

A presente aprobación quedará condicionada á aprobación definitiva do EMC 1/2008 aprobado polo Pleno do 30/05/08.

2.- Excluir do presente plan, o Proxecto MELLORA DA SEGURIDADE NA E.P. 0104 DE REXIDOIRA A PRAIA DE BALDAIO, P.K. 11+260 A 12+260. CESURAS, para a súa posible inclusión no Plan integral de seguridade viaria para os peóns en estradas provinciais, período 2007 - 2010.

3.- Expór ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

4.- Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e en base aos informes que constan no expediente. A relación de proxectos que se ha remitir á Xunta de Galicia é:

DENOMINACIÓN	EXPROPIACIÓNS
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA EN E.P. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 A 1,1. CABANAS.	116.308,05
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA EN E.P. 0701 SANTIAGO A SANTA COMBA P.K. 20,57 A 21,95. VAL DO DUBRA".	46.425,00
total	162.733,05

Todo iso tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA EN E.P. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0	Proxéctase unha ampliación da sección da calzada mediante carrís de 3,5 m. fronte aos 2,7 m. actuais Mellóranse as condicións de accesibilidade peonil mediante a construción de beirarrúas de 1,80 m. de ancho en ambos os lados da calzada. Proxéctase a construción de aparcadoiros de 2,00 metros de ancho en determinadas zonas que poden consultarse no proxecto.

A 1,1. CABANAS.	Proxéctase unha urbanización xeral: -Iluminación - Proxéctase unha rede de saneamento e outra de recollida de pluviais - Proxéctase a rede de abastecemento ao longo de toda a actuación Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as bandas a outras estradas e pistas de parcelaria
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA EN E.P. 0701 SANTIAGO A SANTA COMBA P.K. 20,57 A 21,95. VAL DO DUBRA".	Proxéctase unha ampliación da sección da calzada mediante carrís de 3,5 m. fronte aos 2,7 m. actuais Mellóranse as condicións de accesibilidade peonil mediante a construción de beirarrúas de 1,80 m. de ancho en ambos os lados da calzada. Proxéctase a construción de aparcadoiros de 2,00 metros de ancho en determinadas zonas que poden consultarse no proxecto Proxéctase unha urbanización xeral: _ Iluminación _ Proxéctase unha rede de saneamento e outra de recollida de pluviais _ Proxéctase a rede de abastecemento ao longo de toda a actuación Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as bandas a outras estradas e pistas de parcelaria

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

5.- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras que se relacionan e incluídas no PLAN DE TRAVESÍAS 2008 PRIMEIRA FASE QUINTA RELACIÓN mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen:

DENOMINACIÓN
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA EN E.P. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AL 1,1. CABANAS.
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA EN E.P. 0701 SANTIAGO A SANTA COMBA P.K. 20,57 AL 21,95. VAL DO DUBRA".

## 24.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2008, 2ª RELACIÓN, INTEGRADO POLO PROXECTO DE: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5404 DE XUBIA A PRAIA DA FROUXEIRA, PLATAFORMA PEONIL, PK 0 530 AO 1 280 (NARÓN).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2008 SEGUNDA RELACIÓN, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 196.797,69.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102, nº de operación: 220080016331 e que se detalla.

CÓDIGO	CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0811100006.0	NARÓN	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA. ANDÉN PEONIL PK 0+530 Ó 1+280 (NARÓN)	196.797,69
		TOTAL	196.797,69

2) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

**25.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 3ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO DE: ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 7806 RAMPLA AO AVIO (SANTIAGO DE COMPOSTELA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2008 3ª FASE cun orzamento total de 131.941,79.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 7806 RAMPA Ó AVIO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	131.941,79
TOTAL	131.941,79

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

**26.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0513 PAIOSACO CAIÓN (TRAMO DA TORRE) (A LARACHA), A LARACHA (0611300002.1).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0513 PAIOSACO CAIÓN (TRAMO DA Torre) (A LARACHA), A LARACHA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0611300002.1) polo seu orzamento de contrata de 375.393,96.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 54.743,96.- EUROS., que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511F/60102, nº operación 220080016334.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONST. RAMÓN VÁZQUEZ E REINO, S. L. (B15618598), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de

adjudicación de 281.443,03.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 41.043,03.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.641,72.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do plano máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando xa que logo fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 11.257,72.- EUROS.”

**27.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO QUE INTEGRARÁ A 15ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008: PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (PK 7,850 AO PK 11,200) E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE: PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (PK 7,850 AO PK 11,200).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“- Aprobar tecnicamente o Proxecto que integrará a DÉCIMO QUINTA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENT O DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA C.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (PK 7,850 A PK 11,200)	1.542.476,1	551.291,33
TOTAIS	1.542.476,1	551.291,33

- Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e en base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URGENTE OCUPACIÓN
<p>PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (PK 7,850 A PK 11,200) (TEO)</p>	<p>A renovación desta estrada (actualmente tan só resta por executar a ampliación do tramo obxecto do presente proxecto) suporá unha importante mellora bastante saturada de tráfico debido á proximidade á cidade compostelá os numerosos movementos pendulares realizados a diario por motivos de traballo pola poboación que estableceu a súa residencia nestes municipios pero mantén o seu traballo na cidade de Santiago. Esta estrada comunica entre si dous municipios densamente poboados da comarca urbana de Santiago de Compostela, como son Ames (cuxa capital é Bertamiráns) e Teo (cuxa capital é A Ramallosa), ambos os situados na periferia da capital autonómica e lindeiras con ela polo Oeste (Ames e polo sur (Teo), o que favoreceu un forte crecemento urbanístico e demográfico destes dous municipios nos últimos anos, superando entre ambos os 30.000 habitantes.</p> <p>O trazado é bastante sinuoso atravesando varios núcleos de poboación das parroquias de Luou e Calo. O tramo comeza no pk 7 850 unha vez excedida a A9 por medio dun paso superior (deseñáronse cuñas de cambio de velocidade adaptándose ás recomendacións da Instrución 31-IC de trazado. Desde a N550 ata este punto a estrada ten carrís de 3,5 m., vía lenta de subida e beiravías dun metro de anchura, nun tramo de novo trazado que finaliza á entrada do paso superior sobre a A9. A partir de aí a estrada estréitase, cun ancho apenas superior aos 5 metros, cun trazado moi sinuoso con curvas de pequeno radio, e atravesando varios núcleos de poboación .</p> <p>O tramo que se vai acondicionar finaliza no pk. 11 200 na paraxe denominada Monte Lagoa. A partir deste punto e ata o final a estrada atópase de novo acondicionada con carrís de 3,5 metros de anchura e beiravías de 1 metro.</p> <p>O trazado deseñado cinguirase ao da estrada existente na maior parte da súa lonxitude, coa excepción de determinadas zonas nas que se melloran as interseccións por medio dunha glorieta e un cruzamento con carril central e glorieta esviada.</p> <p>As glorietas permitirán concentrar as interseccións e realizar cambios de sentido mellorando así a seguridade viaria ao impedirse o xiro á esquerda nos cruces de escasa visibilidade. O trazado viuse fortemente condicionado polo elevado número de vivendas e asentamentos de poboación existentes nas marxes da vía. Tratouse de realizar melloras puntuais ampliando o radio de curvas e mellorando os acordos en alzado.</p> <p>A sección transversal na estrada está formada por carrís de 3,5 metros, beiravías de 1 metro e bernas en terra de 0,5 metros nas zonas de terraplén.</p> <p>O trazado tanto en planta como en alzado axustouse en gran parte da súa lonxitude ao trazado existente polo que as dimensións mínimas das aliñacións e acordo verticais non sempre cumpriran as recomendacións da Instrución de Trazado de Estradas 3.1.-IC para estradas de novo trazado, que non é de obrigada aplicación en acondicionamento de estrada existentes.</p> <p>Nas zonas en que os radios das curvas son inferiores a 250 metros dotouse aos carrís do seu correspondente sobreancho.</p> <p>O proxecto contempla a intersección co resto de estradas e camiños locais co obxecto de ordenar os movementos dos vehículos que acceden á vía. O deseño dalgunhas interseccións ocasionou a modificación puntual do trazado nalgunhas estradas locais para adecualas ás novas características da EP 0205. Sinalizarase a vía: pintado de eixo, a liña de separación de calzada e beiravías, pintado de liñas de detención e STOP así como frechas de dirección e marcas de ceda o paso, ademais das correspondentes zonas de cebreado.</p> <p>A sinalización vertical presta especial atención á sinalización das interseccións  - Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as bandas a outras estradas e pistas de parcelaria</p>

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA (PK 7,850 a PK 11,200) (TEO) mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

**28.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 7304 DE XARAS A OLVEIRA P.K. 1,64 A P.K.**

**3,99. RIBEIRA (0811300006.0), INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2008, 1ª FASE, 2ª RELACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1º) Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 2ª RELACIÓN, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 1.460.391,40.- euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511F/60102, nº operación 220080012643 e que son as que se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 7304 DE XARAS A OLVEIRA PK 1,64 A PK 3,99. RIBEIRA (0811300006.0)	369.158,86
TOTAL	369.158,86

2º) Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que os integran no caso de non presentarse reclamacións.”

**29.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DO PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2007.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras da segunda fase do plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, aprobadas polo Pleno da deputación o 26 de outubro de 2007, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 252, do 31 de outubro de 2007.

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases.

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita o 18 de xuño de 2008 polo Sr. presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, na que se puntúa cada unha das solicitudes presentadas, tras aplicar o baremo establecido nas bases reguladoras do plan, relacionándose por orde de prioridade de acordo coa puntuación obtida, e na que se propón incluír nesta segunda fase do plan as 19 primeiras obras da listaxe

1º) Aprobar a segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 26 de outubro de 2007, e cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 252, do 31 de outubro de 2007.



Nesta segunda fase do plan inclúense as 19 actuacións que se indican a continuación, coa indicación do seu detalle de financiamento entre os respectivos concellos e a deputación:

Concello	Código da obra	Denominación obra	Orzamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Baña , A	07.3240.0042.0	REFORMA CMP. MPAL. DE FÚTBOL DA BAÑA	340.000,00	108.957,80	108.958,80
Boqueixón	07.3240.0043.0	INST.TERREO XOGO HERBA ARTIFICIAL CMP. FÚTBOL MPAL. DO FORTE	340.000,00	60.000,00	400.000,00
Cambre	07.3240.0044.0	CÉSPEDE ARTIFICIAL E EQUIP. NO CMP. FÚTBOL MPAL. A BARCALA	340.000,00	92.640,54	432.640,54
Capela, A	07.3240.0045.0	INST.CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CMP. FÚTBOL MPAL. DOS CALZADOS	339.997,16	59.999,50	399.996,66
Carballo	07.3240.0046.0	INST. CÉSPEDE ARTIF. REDE REGO, SAN. PLUV. EQUIP. CMP. FÚTBOL AS EIROAS	339.997,27	59.999,52	399.996,79
Cedeira	07.3240.0047.0	CONST. CMP. FÚTBOL CÉSPEDE ARTIFICIAL RECINTO DEPORT. MPAL. CEDEIRA	339.881,43	59.979,08	399.860,51
Cee	07.3240.0048.0	SUBST. FIRME DE CÉSPEDE POR HERBA ARTIFICIAL CMP. FÚTBOL MCPAL. CEE	339.995,07	60.000,00	399.995,07
Curtis	07.3240.0049.0	CAMPO FÚTBOL CÉSPEDE ARTIFICIAL CURTIS	338.559,22	59.745,75	398.304,97
Fene	07.3240.0050.0	IMPLANT. CÉSPEDE ARTIFICIAL CMP. FÚTBOL "OS PINARES"	340.000,00	188.496,72	528.496,72
Frades	07.3240.0051.0	CAMPO FÚTBOL HERBA ARTIFICIAL EN ABELLÁ	339.000,00	60.999,83	399.999,83
Laracha, A	07.3240.0052.0	CAMPO FÚTBOL CÉSPEDE ARTIFICIAL A LARACHA	317.818,10	56.085,55	373.903,65
Mazaricos	07.3240.0053.0	INST. HERBA ARTIFICIAL CMP.FÚTBOL A PICOTA	340.000,00	60.000,00	400.000,00
Neda	07.3240.0054.0	CONST.CMP. FÚTBOL CÉSPEDE ARTIFICIAL RECINTO DEPORT MPAL. NEDA	340.000,00	60.433,43	400.433,43
Ponteceso	07.3240.0055.0	CAMPO DE CÉSPEDE ARTIFICIAL EN CORME	318.561,81	56.216,79	374.778,60
Rianxo	07.3240.0056.0	DOTACIÓN HERBA ARTIFICIAL CMP. FÚTBOL DA LOMBA-TARAGOÑA	340.000,00	96.148,64	436.148,64
Ribeira	07.3240.0057.0	NOVO CÉSPEDE ARTIFICIAL CMP. FÚTBOL A TASCA - AGUIÑO	245.643,64	43.348,88	288.992,52
Santa Comba	07.3240.0058.0	INST. HERBA ARTIFICIAL CMP. FÚTBOL NO LUGAR DO CASTRIZ	339.606,06	59.930,48	399.536,54
Teo	07.3240.0059.0	CAMPO FÚTBOL CÉSPEDE SINTÉTICO EN CACHEIRAS	340.000,00	60.000,00	400.000,00
Touro	07.3240.0060.0	COLOCACIÓN NOVO TERREO XOGO HERBA ARTIFICIAL CMP. FÚTBOL LOXO	237.521,10	41.915,49	279.436,59
<b>Nº OBRAS</b>	<b>19</b>	<b>TOTAL</b>	<b>6.216.580,86</b>	<b>1.344.898,00</b>	<b>7.561.478,86</b>

2º) A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008 no que se consigna a dotación necesaria para completar o financiamento da achega provincial a este plan.

3º) Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan, tendo en conta que as obras solicitadas polos concellos que se concretan nos apartados 4, 5 e 6 deste acordo queda condicionada ó cumprimento das requisitos que para cada unha delas se indica:

4º) A execución dos campos que de seguido se indican queda condicionada a que o concello realice, con carácter previo ou simultáneo á dotación de herba artificial, un peche exterior con valado de altura axeitada, en todo ou en parte do campo, para evitar a deterioración das instalacións, segundo se esixe na base 2 do plan.

A Baña	Carballo	Mazaricos
Ponteceso	Rianxo	Teo

O cumprimento desta condición deberana acreditar os respectivos concellos con carácter previo á adxudicación da obra, mediante a achega do proxecto técnico ou memoria valorada do peche, que ha financiar exclusivamente o concello, debidamente aprobado polo órgano municipal competente, xunto co compromiso municipal de que a súa contratación se levará a cabo previa ou simultaneamente á execución das obras incluídas no plan.

5º) Os campos solicitados polos concellos que de seguido se indican presentan unha serie de deficiencias técnicas que se sinalan nos informes emitidos polo Servizo Provincial de Arquitectura. Por iso, a súa aprobación queda condicionada á súa reparación, segundo se indica para cada un deles.

En todo caso, a súa realización deberá realizarse por conta do concello, non sendo financiadas pola Deputación. A acreditación do cumprimento das condicións impostas, realizaraa cada concello con carácter previo á adxudicación da obra, achegando certificación acreditativa da realización das actuacións esixidas ou do compromiso municipal de que a súa contratación e execución se levará a cabo previa ou simultaneamente á execución das obras incluídas no plan, segundo o esixa a súa natureza.

CONCELLO	A Baña
DENOMINACIÓN	Reforma de campo de fútbol municipal da Baña
CONDICIÓN	- Demoler o peche lateral de bloque e construír outro peche - Desprazar as torres de iluminación e as canalizacións que existan na área de ampliación

CONCELLO	Cambre
DENOMINACIÓN	Césped artificial e equipamento no campo de fútbol municipal da Barcala
CONDICIÓN	- Certificar que os equipamentos e materiais imprescindibles para o correcto funcionamento da instalación de rego (electroválvulas, grupo de impulsión, programador, depósito acumulador, etc), son recuperables do sistema de rego que existe actualmente; de non ser así, certificación de que o seu custo e instalación será asumido polo concello.

CONCELLO	A Capela
DENOMINACIÓN	Instalación céspede artificial no campo de fútbol municipal dos Calzados
CONDICIÓN	- Realizar arredor das superficies de herba artificial unha banda perimetral exterior ás bandas exteriores de seguridade, pavimentada e de polo menos 1 m. de anchura, especialmente nun dos córneres.

CONCELLO	Cee
DENOMINACIÓN	Substitución do firme de céspede por herba artificial no campo de fútbol municipal de Cee
CONDICIÓN	- Deixar arredor do campo de xogo un espazo libre de obstáculos como mínimo de 1,50 de anchura ó exterior das liñas de banda e das liñas de meta, co mesmo tipo de solo que o terreo de xogo. (Non obstante, tras as liñas de meta recoméndase deixar 2,50 m.) - Deixar as bandas de protección totalmente libres de obstáculos, sen que poidan colocarse as tapas de arquetas previstas no plano de saneamento e drenaxe.

CONCELLO	Rianxo
DENOMINACIÓN	Dotación de herba artificial no campo de fútbol A Lomba
CONDICIÓN	- Deixar arredor do campo de xogo un espazo libre de obstáculos como mínimo de 1,50 de anchura ó exterior das liñas de banda e das liñas de meta, co mesmo tipo de solo que o terreo de xogo. (Non obstante, tras as liñas de meta recoméndase deixar 2,50 m.)

	- Deixar as bandas de protección totalmente libres de obstáculos, sen que poida haber torres, postes de alumbeamento de terreo de xogo, previstas no plano de levantamento topográfico e do plano de planta xeral.

CONCELLO	Santa Comba
DENOMINACIÓN	Instalación de herba artificial no campo de fútbol no lugar de Castriz
CONDICIÓN	- Certificar a reinstalación de diversos materias existentes (varanda, porterías, bandeirolas), e o aproveitamento do depósito de almacenamento e o grupo de impulsión para a instalación de rega; de non ser así, certificación de que o seu custo e instalación será asumido polo concello

CONCELLO	Touro
DENOMINACIÓN	Colocación novo terreo de xogo de herba artificial no campo de fútbol de Loxo
CONDICIÓN	- Inutilizar ou anular os aspersores situados dentro do terreo de xogo e adaptar o sistema de rega perimetral á normativa de obrigado cumprimento e, en xeral, cumprir toda a normativa vixente relativa ó sistema de rega. - Deixar arredor do campo de xogo un espazo libre de obstáculos como mínimo de 1,50 de anchura ó exterior das liñas de banda e das liñas de meta, co mesmo tipo de solo que o terreo de xogo, que non se cumpre actualmente nos fondos de portería. (Non obstante, tras as liñas de meta recoméndase deixar 2,50 m.).

6º) O proxecto técnico da obra solicitada polo Concello de Ribeira sufriu unha diminución no seu presuposto de contrata, que era de 332.288,12 euros, como consecuencia da rectificación das incidencias técnicas detectadas polo Servizo Provincial de Arquitectura, polo que a súa aprobación debe quedar condicionada a achega da certificación do acordo plenario municipal de aprobación do seu novo presuposto polo seu importe de 288.992,52 euros.

CONCELLO	Ribeira
DENOMINACIÓN	Novo céspede artificial campo de fútbol A Tasca - Aguiño
CONDICIÓN	- Achegar certificación do acordo plenario municipal de aprobación do novo proxecto polo seu presuposto que ascende a 288.992,52 euros.

7º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 8, 9 e 10, debendo entenderse modificadas pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. (BOE nº 261 do 31 de outubro de 2007).

O prazo de contratación das obras amplíase ata o 31 de decembro de 2008.

8º) Aprobar o Plan complementario ó presente plan, no que se inclúe o seguinte investimento con carácter supletorio para ser financiado con cargo ós remanentes que se puideran xerar polas baixas de licitación producidas ou anulacións de proxectos, de xeito que a súa aprobación queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

--	--	--

Concello	Denominación obra	Orzamento		
		Deputación	Concello	Orzamento Total
Coirós	CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL NO LUGAR DE CORTELLA	284.592,10	50.222,14	334.814,24

Así mesmo, a inclusión deste proxecto queda condicionada á reparación das deficiencias que se indican a continuación:

CONCELLO	Coirós
DENOMINACIÓN	Campo de fútbol municipal no lugar de Cortella
CONDICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deixar arredor do campo de xogo un espazo libre de obstáculos como mínimo de 1,50 de anchura ó exterior das liñas de banda e das liñas de meta, co mesmo tipo de solo que o terreo de xogo. (Non obstante, tras as liñas de meta recoméndase deixar 2,50 m.)</li> <li>- Deixar as bandas de protección totalmente libres de obstáculos, sen que poidan colocarse os canóns de rega e as súas correspondentes arquetas previstas no plano de instalación de rega.</li> <li>- Situar os bancos para xogadores, reservas, técnicos, etc; paralelos á liña de banda e cunha distancia mínima de 1 m.</li> </ul>

9º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentara ningunha.

10º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido dito prazo sen que se presentara ningunha.”

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

### **30.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACCESO AO MOSTEIRO DE SAN XUSTO DE TOXOSOUTOS” DO CONCELLO DE LOUSAME, INCLUÍDA NO PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2006. CÓDIGO 06.3230.0054.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada "Acceso ó mosteiro de San Xusto de Toxos Outos" do Concello de Lousame, incluída na 2ª fase do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, código 2006.3230.0054.0, que foi aprobada polo Pleno desta deputación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2006, cun presuposto de contrata de 42.898,59 euros, xa que introduce unha solución técnica diferente á do proxecto técnico inicial, dado que a modificación supuxo un cambio no trazado do devandito acceso, aínda que non varía nin o seu

obxecto nin a súa finalidade, e tampouco altera o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Pto. Total
06.3230.0054.0	Lousame	Acceso ó mosteiro de San Xusto	42.898,59	0	42.898,59

**31.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 13 DE XUÑO DA SECRETARÍA DE ESTADO DE COOPERACIÓN TERRITORIAL, POLA QUE SE RESOLVEN AS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN FORMULADAS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA 2007 PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DURANTE O PERÍODO DE INTERVENCIÓN 2007-2013.**

Tómase coñecemento da Resolución do 13 de xuño da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se resolven as solicitudes de subvención formuladas ó abeiro da convocatoria 2007 para a concesión de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013.

**32.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DO EDIFICIO E PARCELA Nº 1 DO POLÍGONO DE SABÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio e a parcela nº 1 do Polígono de Sabón, cuxa descrición figura no plano remitido polo Servizo de Arquitectura, para a súa cualificación como ben patrimonial. En concreto a superficie que se ha desafectar é a seguinte:

Planta baixa	122 m <sup>2</sup>
Planta primeira	122 m <sup>2</sup>
Superficie do terreo segundo datos catastrais	5023 m <sup>2</sup>

2.- Expoñer o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes contado desde a publicación no BOP, para os efectos de reclamacións. Transcorrido o devandito prazo someterase á consideración do Pleno para a resolución das devanditas reclamacións e se é o caso a aprobación definitiva.

3.- Facultar ao presidente da Corporación para executar o presente acordo.”

### **33.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DE “FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO PARA PROMOVER O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO RECINTO FEIRAL DE FERROL.”**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Analizada a omisión producida no acordo plenario da Deputación Provincial da Coruña con data do 30 de maio de 2008 polo que quedou aprobado o texto do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL (FIMO) PARA FINANCIAR A REHABILITACIÓN DO RECINTO FEIRAL ANUALIDADE 2008":

Aprobar a adición ó texto do convenio aprobado das cláusulas décimo segunda, décimo terceira e décimo cuarta de acordo co seguinte teor literal:

#### **DÉCIMO SEGUNDA.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.-VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata un ano contado dende esa data.

2. Logo da solicitude previa do CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO-, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **DÉCIMO CUARTA.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E JURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo plenario con data do de de dous mil oito.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PRESIDENTE DO CONSORCIO  
PROVINCIAL DA CORUÑA PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS DE  
FERROL

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Francisco Cruz Senra"

### **34.-ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA A MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2008.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os escritos coas datas do 15/05/2008 (Rexistro de Entrada 34466, do día 16 seguinte), presentado por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> NIEVES DO CAMPO PIÑEIRO e D. GENARO LOURIDO ALONSO; 16/05/2008 (Rexistro de Entrada 34655), presentado por D. JOSÉ MANUEL RÍO PÉREZ, e 27/05/2008 (Rexistro de Entrada 37522), presentado por D<sup>a</sup> ELVIRA FURELOS RIVAS, laborais fixos os tres primeiros, e funcionaria a última, todos eles desta Deputación; contra a modificación do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo 2008, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación do 25/04/2008.

Resultando que os primeiros, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> NIEVES DO CAMPO PIÑEIRO, D. GENARO LOURIDO ALONSO e D. JOSÉ MANUEL RÍO PÉREZ, traballadores adscritos á Imprenta Provincial, fundamentan as súas alegacións, en síntese, en que os postos que ocupan, clasificados como no grupo III do vixente convenio colectivo, tendo en conta as súas funcións, deberían ter unhas retribucións distintas e superiores ás do persoal clasificado no grupo IV do dito convenio colectivo.

Resultando que D<sup>a</sup> ELVIRA FURELOS RIVAS, subgobernanta, adscrita ó Pazo de Mariñán, basea a súa reclamación, tamén en que as retribucións do posto que ocupa, polo que se refire ó complemento específico, debería tamén revisarse, tendo en conta as contías que por tal concepto retributivo están asignadas ó resto do persoal adscrito ó dito centro.

Considerando que as reclamacións referidas teñen todas elas análoga fundamentación, cal é a de solicitar a revisión das súas retribucións, en comparación coas doutros postos distintos, clasificados con niveis tamén distintos e con funcións igualmente distintas.

Considerando que nos casos dos aquí reclamantes, as súas retribucións non varían, en ningún caso, coas xa fixadas na Relación de postos de traballo vixente para 2008 (BOP nº 25, do 30/01/2008), aprobado polo acordo plenario do 11/01/2008, sen que se produciran reclamacións, nin recursos ningúns contra o dito acordo, polo que é plenamente firme; que é o que agora se modifica puntualmente, polo que se refire a uns postos determinados e concretos, sen que a tal modificación afecte en nada a ningún dos postos que ocupan os reclamantes.

Considerando que a través das respectivas Mesas de Negociación do persoal funcionario e laboral se analizan anualmente, ou, como no caso presente, cando se produce algunha modificación substancial, as funcións e se avalían os distintos postos de traballo, chegando ós acordos correspondentes de reclasificar determinados postos



de traballo, modificando nuns deles os niveis do complemento de destino para axustalos ás funcións que desenvolven, e noutros o complemento específico en atención á responsabilidade, penosidade ou especial dificultade técnica, de conformidade co disposto no R.D. 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Admón. local (art. 4.1), e analogamente para o persoal laboral nos conceptos retributivos equiparables cos do persoal funcionario.

Considerando que a Corporación pode, logo de negociación previa, aplicarlle ás retribucións complementarias o incremento que para cada ano fixe a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado e pode tamén, de conformidade co que invariablemente vén anualmente dispoñendo a dita lei “adecua-las retribucións complementarias cando sexa necesario para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade del”. No caso presente, e despois desa negociación previa nos órganos legalmente previstos (Mesas Xerais de Negociación), a Corporación acordou a modificación das funcións e das retribucións de varios postos de traballo, en base, precisamente, ó contido e as funcións que teñen encomendadas, o que supón de feito e de dereito a súa diferenciación retributiva coa doutros postos, que incluso xa non eran antes similares, senón distintos, clasificados con niveis tamén distintos e con funcións igualmente distintas.

Considerando, por último, que a xurisprudencia é unánime e constante (entre outras e por todas, STSXG nº 253/1989, do 14/04/1989, e STSXG nº 806/1996, do 29/11/1996, que cita a do TS do 13/02/1996 en recurso extraordinario de revisión), en canto a que a equiparación de postos de traballo é inatendible aínda que se trate do mesmo grupo de titulación, se os postos son en efecto diferentes en función de circunstancias e titulacións diferentes, así como nas funcións, dedicación, responsabilidade, que motivan, precisamente, a diferenciación das retribucións complementarias, complemento de destino e específico de cada posto, por esixilo así a propia natureza e esencia de tales complementos.

Vistos os preceptos legais e a xurisprudencia citados, e demais concordantes e de aplicación.

DESESTIMA-las alegacións contra a modificación do Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo de 2008, aprobada inicialmente polo acordo plenario do 25/04/2008, formuladas por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> NIEVES DO CAMPO PIÑEIRO, D. GENARO LOURIDO ALONSO, D. JOSÉ MANUEL RÍO PÉREZ e D<sup>a</sup> ELVIRA FURELOS RIVAS .

En consecuencia, aprobar definitivamente o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para 2008, aprobados inicialmente polo acordo plenario do 25/04/2008, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e

Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio das Administracións Públicas para os efectos oportunos.”

### **35.-CORRECCIÓN DE ERROS DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2008.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Advertidos erros materiais na modificación da Relación de Postos de Traballo 2008, aprobada polo acordo plenario do 25/04/2008, corrixi-los ditos erros no sentido de que na relación de persoal funcionario, onde di: “..IMPRESA PROVINCIAL: BOLETÍN OFICIAL.=... OFICIAL INDUSTRIAL... 9.239,20...” **debe dicir: “ IMPRESA PROVINCIAL: BOLETÍN OFICIAL.=...OFICIAL INDUSTRIAL...9.055,43...”**; e así mesmo, na relación de persoal laboral, onde di: “...GRAVADOR TEXTO 22.544,33... IMPRESOR...22.544,33... OFICIAL INDUSTRIAL... 22.544,33...” **debe dicir: “...GRAVADOR TEXTO... 22.316,40... IMPRESOR... 22.316,40... OFICIAL INDUSTRIAL... 22.316,40...”**”

### MOCIÓN

Sra. Borbujo Martínez

Bos días, Sres. deputados e deputadas, vou empezar expoñendo a moción seguinte cunha exposición de motivos. A Lei de réxime local e a Lei de administración local de Galicia establecen o marco competencial dos municipios e, polo tanto, os servizos aos que deben de facer fronte. Paralelamente, ao tratarse da administración máis próxima ao cidadán, nos últimos anos viñeron asumindo un número cada vez máis elevado de prestacións de servizos. Neste contexto, os concellos constitúen a administración máis feble financeiramente. O proceso de deseño competencial marcado na época democrática española comportou unha gran descentralización desde o Estado aos gobernos das comunidades autónomas, e unha delegación, cada vez maior, de prestación de servizos aos gobernos locais, pero non foi acompañada dun desenvolvemento das facendas locais que lles permita facer fronte con solvencia aos compromisos financeiros que estes servizos requiren. Así, mentres as comunidades autónomas foron medrando na súa capacidade, ata chegar a executar o 40% do gasto das administracións públicas en España, os concellos quedáronse nun 13%.

A constatación das debilidades deste marco competencial e financeiro levou á sinatura do pacto local galego. Nel recollíanse os compromisos financeiros de recoñecemento de competencias e corresponsabilidade entre a Xunta de Galicia, os concellos e os mecanismos de coordinación.

Este desaxuste entre as competencias e servizos prestados polos gobernos locais e a Xunta de Galicia e, por outra parte, a capacidade financeira para afrontalos, ten

unha nítida expresión no que se refire aos compromisos de mantemento dos centros de ensino primario. A FEGAMP calculou que a achega municipal ao mantemento dos centros escolares de primaria ascende a 50 millóns de euros ao ano.

Se importante é a contía económica, non menor é o esforzo de xestión que a contratación e prestación dos servizos de calefacción, custodia, limpeza, pintura e obras de mantemento esixe para o seu axustamento cos calendarios escolares e as necesidades concretas de cada concello.

Se problemática é a xestión nos centros de educación primaria, as dificultades agudízanse polo número e dispersión no mantemento das escolas unitarias, máis de cen na provincia da Coruña, nas que en moitos casos son manifestas as necesidades de mellora e mantemento.

O recoñecemento destes problemas quedou recollido no pacto local co compromiso de asunción dos custos e mantemento dos centros de ensino primario, coa proposta de que a Consellería de Educación asumise os gastos de gasóleo dos CEIP a partir do curso 2007-2008 e da totalidade dos custos dos CPI a partir do 1 de xaneiro de 2008. Sen embargo, con data de hoxe, tan só se fixeron cargo dos gastos de gasóleo e das contratas de limpeza exteriorizadas, sen que exista unha previsión do cumprimento dos compromisos adoptados pola Xunta de Galicia.

Ambos feitos, as dificultades financeiras e a expectativa de asunción destes gastos e servizos pola Consellería de Educación, provocou que se xere unha situación de impase e desconcerto, na que os concellos teñen que dar rápida solución ás demandas de obras, pintura, mantemento de instalacións, etc., nun momento crítico para eles como é o período estival, no que deben abordarse as obras e tarefas para evitar o seu impacto unha vez iniciada a actividade escolar en setembro.

A Deputación provincial, na súa función de entidade de soporte técnico e financeiro dos concellos, ten a responsabilidade de responder con eficacia e celeridade ás necesidades destes. Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación da Coruña presenta a seguinte moción:

A Corporación da Deputación provincial en Pleno acorda instar á Xunta de Galicia, en primeiro lugar, a acelerar os mecanismos de xestión necesarios para o cumprimento dos acordos e calendarios recollidos no pacto local no que aos custos de mantemento dos centros de ensino primario se refire e, en concreto, ao compromiso da Consellería de Educación de asumir os gastos de gasóleo dos CEIP a partir do curso 2007-2008, e da totalidade dos custos dos CPI a partir do 1 de xaneiro de 2008, e incrementar as partidas orzamentarias de forma urxente da Deputación da Coruña nos apartados de servizos de soporte aos concellos polas contías necesarias para abordar coa maior celeridade posible, e sempre de forma que se finalicen as tarefas de mantemento antes do curso escolar 2008-2009, as obras, reformas e tarefas de limpeza

e mantemento dos centros de ensino infantil e das escolas unitarias baixo a responsabilidade dos gobernos locais da provincia.

Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días a todos. escoito con atención a lectura que nos fai neste caso a voceira do Grupo Popular e eu voume cinguir simplemente á urxencia, non vou entrar a discutir os contidos da moción, porque é evidente que todos estamos preocupados porque tanto educación en xeral como educación infantil e primaria deben de ser metas incuestionables dunha atención debida, os centros educativos, a dotación de medios, etc., etc. Pero eu creo que aquí correspóndelle ao organismo supramunicipal que nos representa a todos os concellos de Galicia e a todas as deputacións, que é a Federación Galega de Municipios e Provincias, a FEGAMP, a que levou a efecto a negociación do pacto local, e onde está representada, como non, a Deputación Provincial da Coruña. Chámame a atención poderosamente unha contradición bastante forte que hai nesta moción, concretamente na exposición de motivos co punto primeiro, onde se fala nun caso de que xa existen, xa se está aboando o tema do gasóleo nos CEIP, nos centros de educación infantil e primaria, e as limpezas externas, e sen embargo no primeiro punto di que se asume o gasto do gasóleo nos CEIP a partir do curso 2007-2008, isto teño que dicir que xa se está facendo.

E en segundo lugar, direi que neste momento non existe unha consignación concreta na Deputación da Coruña, unha partida orzamentaria, que poida facer fronte a estes servizos que, como sabe, son gasto corrente, e saben perfectamente as Sras. e Sres. deputados, que o gasto corrente non llo financia a Deputación aos concellos, faise sobre todo o financiamento de cara a investimentos, e a través do seu Plan de cooperación ás obras e servizos. Polo tanto, como temos un órgano que nos representa, que é a Federación Galega de Municipios e Provincias, que é a encargada de facer as negociacións diante da Xunta de Galicia, que se están cumprindo determinados aspectos que aquí se din, igual non todos, non ao completo, e en terceiro lugar, referíndome aos presupostos, ás partidas orzamentarias, este grupo socialista entende que non declara de urxencia, non é urxente, esta proposta do Grupo Popular. Agradezo de todas formas a intervención da voceira do Grupo Popular, e o noso apoio non o van recibir.

Sra. Pérez Fernández

Moi bo día a todas e a todos. O BNG respecto a esta moción que presenta o Partido Popular podería, se cabe, podería estar nun momento dado de acordo coa urxencia se nos baseásemos en que, efectivamente, a todos e a todas nos interesa que os centros de ensino de toda a provincia, e de todo o país, evidentemente, funcionen

correctamente e os concellos teñan o financiamento axeitado para levar a cabo os gastos de mantemento deses centros. Ata aí poderíamos estar de acordo.

Evidentemente, no que non podemos coincidir, e por iso, efectivamente, tampouco poderíamola considerar urxente neste momento, é no que se di na moción. En primeiro lugar fanse afirmacións na propia exposición de motivos que non concordan, se vostedes len o texto do pacto local, e o texto do desenvolvemento do pacto local respecto do tema dos centros de ensino, non concordan co que se di nesta exposición de motivos, pero sobre todo nós queremos basear a nosa intervención, que procuraremos sexa breve, nos dous puntos que propoñen.

En primeiro lugar, cando vostedes din que instemos á Xunta de Galicia, este Pleno, a acelerar os mecanismos de xestión necesarios, a nós, ao Grupo Provincial do BNG, non nos consta que neste momento se estea incumprindo de forma xeneralizada, o acordo que existe entre a Consellería de Educación e a FEGAMP, outra cousa é que vostedes teñan algún caso concreto, e efectivamente, este tema é moi complexo, non só na provincia da Coruña, insisto, senón en todo o país e, efectivamente, á hora de materializalo pode haber algunha distorsión que impida que se estea levando a cabo ao cen por cen en todos os concellos, pero non nos consta que se estea dando de forma xeneralizada.

En segundo punto, e considerando que para nós é o fundamental, é que, efectivamente, este acordo entre a Consellería e a FEGAMP, levouse a cabo precisamente coa FEGAMP que é o organismo, é un organismo onde a Deputación está representado, a Deputación forma parte del como outro concello calquera, todos temos ademais os nosos representantes na FEGAMP, o propio Partido Popular tamén ten os seus representantes na FEGAMP, e quizais consideramos nós que sexa no seo da FEGAMP onde hai que insistir, se é que lles consta a vostedes que, efectivamente, non se está cumprindo estritamente o acordado, onde haxa que insistir en que, efectivamente, se cumpra.

Nós, por exemplo, vemos nos últimos tempos que a FEGAMP está preocupadísima e mobilizándose por outros temas relacionados coa Consellería de Vivenda ou relacionados coa Vicepresidencia da Xunta, e se vostedes consideran que este tema concreto, relacionado coa Consellería de Educación, require tamén que a FEGAMP teña, digamos, máis actividade e máis axilidade, quizais sexa, quizais non, estamos seguros de que é a FEGAMP onde terían que expoñelo.

E xa, evidentemente, co que non podemos estar de acordo é co que nos propoñen no segundo punto, incrementar as partidas orzamentarias da Deputación, entre outras cuestións polo que acaba de dicir o Sr. Lagares respecto do gasto corrente, pero ademais é que nós consideramos que este tipo de competencias, e falamos aquí entre os tres grupos sobre o tema, deben transferirse, ou debemos facer o esforzo entre as dúas administracións, de ir transferíndoas paulatinamente a quen lle corresponden, a quen ten a competencia, que é o goberno galego, polo tanto, evidentemente, nós aquí

non podemos concordar. E, por estes argumentos, non poderíamos votar tampouco a favor da urxencia da moción.

Sr. presidente

Sra. Borbujo, pero brevemente, porque estamos no debate da urxencia, estamos entrando no fondo da moción, cando debiamos debater sobre a urxencia, e unha vez que se aproba a urxencia, se se aproba, entraríase a debater a moción. Polo tanto, doulle a palabra, pero úsea, se é posible, con brevidade.

Sra. Borbujo Martínez

Vou ser moi breve, e voume cinguir precisamente ao tema da urxencia, porque eu creo que é o importante nesta moción, fundamentalmente porque estamos falando de nenos e de educación. Para todos é sabido que, independentemente dos acordos que houbo ou que pode haber coa FEGAMP e coa Consellería de Educación, o que está claro é un feito evidente para todos, eu creo que polo menos coñecemos o que é a situación da escolaridade, sobre todo no aspecto das escolas unitarias, e de aí a urxencia da devandita moción.

As escolas unitarias no día de hoxe, está claro que son os concellos ou os municipios os que teñen que xestionar e teñen que pagar o poder arranxalas e poder estar nunhas condicións axeitadas para que os nenos poidan acceder a ditos lugares. Sen embargo, no día de hoxe, e pódoos convidar a todos vostedes a que, nun dos paseos que poida facer a Deputación, é ir recoñecer algunha desas escolas unitarias onde sinceramente eu creo que se algún de nós poderíamos ir, acudir, e comprobar coma se ao mellor os nosos nenos estivesen neses centros unitarios, esas reformas e esa necesidade de apoio aos municipios no período estival, que é cando se poden realmente arranxar, e de aí a urxencia, loxicamente estaríamos todos de acordo que non son os sitios máis axeitados, ao mellor, para ofrecer unha educación axeitada se fosen os nosos fillos. E non é que pretenda facer demagogia, simplemente é que hai moitas escolas, son cen escolas unitarias, e voume cinguir fundamentalmente ás escolas unitarias porque son as que máis urxencia corresponde, e onde realmente non teñen apoio os municipios e onde os municipios teñen que investir diñeiro nelas. Entón, a urxencia está baseada fundamentalmente en que estamos no período preestival e é no momento no que se poden facer ditas reformas. A urxencia está baseada en que hai moitas escolas unitarias onde a situación na que se atopan son realmente lamentables, e de feito é que nalgunhas ocasións o Valedor do Pobo tivo que, por instancia dos grupos políticos, ou por instancia dos propios veciños e pais dos nenos, tivo que cursar e tivo que apoiar o arranxo das devanditas institucións e ditos colexios. Se iso non é un carisma urxente, tendo en conta que se o goberno da Deputación realizase, ao mellor, certa axuda para os concellos que precisasen ao principio de tempada, como por exemplo se organizaron campamentos escolares, que eu creo que son moito máis secundarios á hora de ofrecerlles aos nenos e non a educación primaria, ao mellor non estaríamos elaborando unha moción urxente, senón que xa estaría previsto a

colaboración con determinados municipios nos que as necesidades dese arranxo das escolas unitarias son tan evidentes.

Procédese a votar a urxencia:

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 12 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. Temos o Grupo Provincial Popular tres rogos, un de Pilar Farjas, un de Ángeles Vázquez e un meu. Eu esperaba que me deixase para o final porque hai dúas damas.

Sra. Farjas Abadía

Moitas grazas, poden estar seguros que non nos importa falar en último lugar.

Vou facer dous rogos porque me quedou no tinteiro falar no punto 32, pero como era unha connotación acerca do convenio, creo que procede perfectamente o incluílo neste punto. O primeiro deles ten que ver coa manifestación de felicitación máis explícita do Grupo Provincial do Partido Popular á actividade do Conservatorio de Danza. A verdade é que a exhibición de onte foi todo un exemplo de bo facer, ao cal nos sumamos e nos felicitamos, e gustaríanos que quedase, xa digo, por escrito, a felicitación aos profesores, ao director, e a todos os alumnos que fixeron un enorme esforzo nunha exhibición, de verdade, de altísima calidade e dun valor estético impresionante. E xa de paso aproveito porque a petición transmitíronma os pais, creo que no contexto de defensa da liberdade, agradeceríamos que toda a documentación, información, folletos e comunicacións que se fagan desde o Conservatorio de Danza teña en conta o dereito a elección de idioma, e polo tanto, se fagan de forma bilingüe en castelán e en galego.

E o segundo dos rogos ten que ver co convenio de cualificación da parcela número un do Polígono de Sabón. Congratulámonos coa formalización deste convenio, que leva anos xestándose, e é unha demanda a tres bandas das tres institucións que participan nel ou que teñen corresponsabilidade na xestión deste polígono, o concello, o Concello de Arteixo, a Deputación e a Asociación de Empresarios. Sen embargo, tendo en conta o contexto de modificación e a entrada coa construción do porto exterior, con

toda a modificación do tecido industrial e empresarial dos polígonos do contorno de Sabón, cremos que sería imprescindible que este fose soamente un primeiro paso e abordar a elaboración dun plan de viabilidade e un Plan estratéxico que teña en conta as corresponsabilidades de xestión, a viabilidade deste Polígono e as iniciativas que se han adoptar para que realmente sexa un polígono de pulo e de crecemento económico das empresas do contorno e, sobre todo, a construción do porto exterior.

Sra. Vázquez Mejuto

Bos días presidente, deputadas e deputados. O rogo que eu presento en nome do Grupo Provincial Popular é sobre a seguridade viaria nas estradas, rogamos que de forma paulatina e sen demora se proceda á substitución dos quitamedos e posterior colocación dos novos construídos con materiais de seguridade para motoristas, e ao mesmo tempo se proceda a retirar aqueles sinais que se foron quedando obsoletos e que están nas estradas de competencia provincial e aquelas que están en mal estado, o cal produce ademais dunha mala imaxe ao mesmo tempo certa perigosidade.

Sr. Gacio Vázquez

Eu quería facer, Sr. presidente, un rogo ao presidente e a todos os deputados do grupo de goberno desta Excma. Deputación e pedir o respecto aos deputados da oposición cando institucionalmente se fan reunións e visitas nos distintos concellos da provincia. Non se trata de viaxes ou reunións de partido, senón de reunións e viaxes institucionais, por iso pido o máximo respecto, na liña que este Grupo Provincial Popular ten nesta Cámara. Espero que non volvan a acontecer e que os que estamos na oposición sexamos respectados como o noso grupo fai co goberno desta Deputación e sexamos informados e convocados. Moitas grazas.

Sr. presidente

Non sei se isto se está producindo, pero en calquera caso, miraremos de corrixilo. Eu a constancia que teño cando vou a un sitio a inaugurar algo, convidan a todo o mundo, non sei se o fan, é o que me din, que están invitados todos. E se hai unha visita institucional do presidente non teño inconveniente en convidar a todo o grupo, a unha reunión de traballo non, por suposto, non tería sentido.

Ao non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.